

EXPEDIENTE:	2022/00022200J. Modificación puntual do PXOM para a fixación de aliñacións no núcleo de Codesedas
PROCEDEMENTO:	Resumo executivo

1. Obxecto e alcance da Modificación

O proxecto de Modificación ten por obxecto sinalar nos planos de ordenación do PXOM as aliñacións dun camiño público existente no núcleo de Codesedas (rúa do Vencello)

O camiño existente figura tanto no Catastro como nos planos de concentración parcelaria da zona (Figueiras), e constitúe a única vía de acceso rodado público a varias edificacións existentes.

A Modificación non altera a clasificación do solo afectado (núcleo rural) nin a ordenanza aplicable (ordenanza 14), limitándose a reflectir nos planos de ordenación (folla F23) o trazado do camiño existente (rúa do Vencello), e das aliñacións resultantes.

A nova aliñación respecta o recuamento mínimo de 4 metros ao eixo previsto na lexislación do solo de Galicia (artigos 92 da LSG e 217 do Regulamento), ampliándose nalgúns puntos ata acadar a sección total de 10 metros.

2. Suspensión de licenzas

Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento das licenzas de parcelación, edificación e demolición que poidan devir incompatibles co resultado da Modificación en trámite no ámbito das seguintes parcelas catastrais:

4291701NH3449A
4291702NH3449A
4291703NH3449A
4291704NH3449A
4291705NH3449A
4291706NH3449A
4291707NH3449A
4291708NH3449A

A suspensión terá unha duración máxima de **DOUS ANOS**, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva e entrada en vigor do novo planeamento.